

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE DICTAN INSTRUCCIÓN S PARA A
APLICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL DA ORDE DO 27 DE XULLO DE
2000, SOBRE DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN PRESUPOSTARIA E
CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS PROCEDENTES DE TRANSFERENCIAS
CORRENTES E DE CAPITAL.**

A disposición adicional da Orde do 27 de xullo de 2000, sobre desenvolvemento da xestión presupostaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, establece que no presuposto de ingresos da Administración xeral, o recoñecemento de dereitos, no caso de recursos procedentes da Unión Europea, do Fondo de Compensación Interterritorial ou de subvencións finalistas que financien créditos incluídos no presuposto de gastos para a súa transferencia ós organismos autónomos ou ás sociedades públicas da Comunidade Autónoma, axustarase ós criterios establecidos na orde con carácter xeral, mentras que polo que se refire ós presupostos de ingresos dos organismos autónomos ou sociedades públicas, o recoñecemento do dereito terá lugar unha vez que a consellería correspondente efectúe o recoñecemento da obriga, por un importe igual ó do gasto executado por aqueles.


Como consecuencia, estase ó mesmo tempo a vincula-la remisión de fondos ós organismos autónomos ou sociedades públicas por parte da consellería transferinte ó feito da execución do gasto que eses fondos financian.

Sendo necesario polo tanto establecer un procedemento que facilite o cumprimento desa disposición, así como a coordinación entre as distintas unidades implicadas, esta Dirección Xeral, en uso das facultades conferidas na disposición final da Orde do 27 de xullo de 2000, dicta as seguintes

INSTRUCCIÓN


1. Dentro dos dez primeiros días de cada mes, os organismos autónomos e as sociedades públicas ás que se refire a disposición adicional da Orde do 27 de xullo de 2000, remitirán á consellería onde figuren presupostados os créditos para a súa transferencia, en modelo que figura como ANEXO a esta resolución, certificado de execución (recoñecemento da obriga) do gasto do mes anterior financiado con recursos da Unión Europea, do Fondo de Compensación Interterritorial, ou procedentes de subvencións finalistas.
2. Dentro dos 5 días seguintes á recepción da certificación, a consellería procederá ó recoñecemento da obriga no seu presuposto e á emisión da proposta de pago por un importe igual ó que acade o gasto executado polo organismo autónomo ou sociedade pública.
3. Como excepción ós prazos establecidos nos apartados anteriores, a certificación que corresponda ó gasto executado no mes de decembro será enviado antes do día 28 do mesmo mes, debendo emitila consellería correspondente os documentos de recoñecemento das obrigas e de proposta

de pago dentro do prazo que expresamente se contemple para este suposto na orde anual de regulación de peche do exercicio.



Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2000

O DIRECTOR XERAL



Asdo. Juan José Novoa Montero

ANEXO

D, (en calidade de)

CERTIFICA: Que a execución do gasto financiado por transferencias do orzamento da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ó que fai referencia a Disposición Adicional da Orde do 27 de xullo de 2000, sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, ascende no mes de a- Ptas., segundo a seguinte distribución:

| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA (da Consellería) FINANCIADORA | APLICACIÓN PRESUPOSTARIA (do O.A.) FINANCIADA | CÓDIGO PROXECTO | MODALIDADE DOS FONDOS (1) | IMPORTE | % | EXECUCIÓN MES | EXECUCIÓN ACUMULADA |
|---|--|--------------------|------------------------------|---------|-------|------------------------|------------------------|
| | | | | TOTAL: | 100% | | |
| | | | | TOTAL: | 100% | | |
| | | | | TOTAL: | 100% | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |

E para que conste, para os efectos previstos na Disposición Adicional antes indicada e na Resolución da Dirección Xeral de Presupostos, do 5 de setembro de 2000, expido e asino a presente en Santiago de Compostela, a

(1) F.C.A. Que cofinancian, F.C.I., FEDER, FEOGA-O, etc.